

**DON JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO, SECRETARIO XERAL DO CONCELLO
DE MONFORTE DE LEMOS (Lugo)**

CERTIFICA

Que a Xunta de Goberno Local na súa sesión celebrada o día 26.06..2023,
adoptou entre outros o seguinte acordo:

**“12.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DE FICHA DO CATÁLOGO DA RÚA DR.
GOYANES S/N (PARA ENGADIR UNHA PLANTA ATICO EXISTENTE QUE NON
FIGURA EN DITA FICHA).**

Visto o informe emitido pola arquitecta municipal e o arquitecto técnico da Oficina
Municipal de Rehabilitación de data 21 de xuño relativo á modificación da ficha do
Plan Especial de Protección do Conxunto Histórico-Artístico (na praza Doutor
Goyanes, S/N, referencia catastral 2392036PH2029S0001LJ (rúa Doutor Casares
2(D), segundo consulta catastral), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade
ACORDA modificar a ficha co seguinte seguinte detalle:

*O inmoble atópase na praza Doutor Goyanes, dentro do Conxunto Histórico Artístico de Monforte de
Lemos, declarado polo Decreto 444/1.973 do 22 de febreiro (B.O.E. de 13 de marzo), e cuxa
delimitación foi modificada polo Decreto 187/2.005, de 16 de xuño (D.O.G. de 1 de xullo de 2.005) da
Consellería de Cultura e Turismo. Este Conxunto ten hoxe a consideración de Ben de Interese Cultural.*

*A normativa urbanística de aplicación é o Plan Especial de Protección do Conxunto Histórico-Artístico
de Monforte de Lemos (en adiante PEPCHA), aprobado definitivamente ó 16 de novembro de 2020, é
de aplicación dende ó 26 de abril de 2021.*

*Inda que o inmoble comparte núcleo de escaleiras con outro edificio con fachada á rúa Abelardo
Baanante, referencia catastral 2392034PH2029S0001QJ, tanto na documentación catastral coma no
plan especial de protección do conxunto histórico artístico de Monforte (PEPCHA) considérase que son
dúas unidades parcelarias independentes, 2392036 (Doutor Goyanes) e 2392034 (Abelardo
Baanante).*

*O edificio obxecto de informe (unidade parcelaria 2392036) responde a unha tipoloxía de vivenda
plurifamiliar entre medianeiras e consta de baixo, dúas plantas e planta ático. A edificación ten uso
comercial na planta baixa e residencial nas restantes. Está situada no ámbito afectado pola
Ordenanza reguladora de **Áreas Urbanas Históricas Inmediatas (AU)**, na praza Doutor Goyanes.*

*O citado inmoble, atópanse catalogado polo PEPCHA no **nivel 4 (Características tipolóxicas e
compositivas de significación arquitectónica).***

*Os elementos catalogados da edificación con fachada á Praza Doctor Goyanes indicados na
correspondente ficha son os seguintes.*

- *Fachada (A), ten catalogación especial a galería e catalogación común os balcóns, as
portas, as ventás balconeiras, os recercados, as basas, os cubre baixantes, os
escaparates e a cantería.*





- En elementos estruturais teñen catalogación común os muros e as vigas/cimbros.
- En elementos de cuberta teñen catalogación común os beirados.

A edificación encóntrase a efectos de zonificación arqueolóxica na denominada no Plan Especial **zona A**

Segundo as comprobacións realizadas por esta Oficina, a realidade do inmovible non se axusta ó recollido na ficha correspondente do catálogo de protección debido a que o edificio, ademais de planta baixa, primeiro e segundo andar, dispón de planta ático que non aparece recollida na citada ficha da unidade parcelaria Nº 2392036 nin nos planos de cualificación, catalogación ou alzados de edificación.

VISTA DAS VENTÁS LATERAIS DA PLANTA ÁTICO



PLANTA ÁTICO

VISTA DA FACHADA CARA Á TERRAZA



CSV: 07E7000BDB3700B0X4A5U3N8M4



FIRMANTE - FECHA





VISTA DA FACHADA PRINCIPAL DO INMOBLE



No **Art. 7** do PEPCHA dise que o Catálogo de Protección terá o carácter de documento aberto, sendo susceptible de incorporación de novos elementos no proceso de desenvolvemento e execución do Plan Especial, esta corrección ou ampliación na catalogación de elementos non se considerará modificación do Plan Especial sempre que non supoña alteración do nivel de catalogación.

De acordo co indicado no artigo anterior, propónse a modificación da ficha correspondente a unidade parcelaria Nº 2392036 nos aspectos que se detallan de seguido:

CARACTERÍSTICAS BÁSICAS

Modifícase o número de **plantas sobre rasante**, pasando de 3 a 4 coa existencia da citada planta ático; modifícase a **superficie construída** sobre rasante pasando de 257 m² a **272 m²**, e presentouse solicitude de licenza de obras para a execución da rehabilitación da edificación (xunto coa que da fronte á rúa Abelardo Baanante nº 3) para cinco apartamentos turísticos.

USOS, PROPIEDAD E TENZA



FIRMANTE - FECHA





Non se modifica, trátase dun edificio sen división horizontal.

CATALOGACIÓN UNITARIA

*De acordo co indicado no artigo 7 do PEPCHA, non se altera o nivel de catalogación (**4 Características tipolóxicas e compositivas de significación arquitectónica**), polo tanto, a modificación proposta no presente informe non é considerada modificación no plan especial.*

AMBITO B.I.C.

*Non existen modificacións neste apartado, verificouse que o edificio se atopa dentro do ámbito da declaración de **BIC Conxunto Histórico**.*

ZONIFICACIÓN ARQUEOLÓXICA

*O inmovible atópase na **zona arqueolóxica A** segundo delimitación do plano correspondente de zonificación arqueolóxica do PEPCHA.*

CUALIFICACIÓN ZONAL

*Segundo o indicado no plano correspondente de cualificación do PEPCHA, o inmovible atópase na zona de ordenanza denominada **Áreas urbanas históricas inmediatas**.*

CATALOGACIÓN DE ELEMENTOS

De acordo co observado na visita técnica non se atopa ningún elemento na fachada traseira que sexa determinante dos trazos tipolóxicos do edificio (2.1.3. Catalogación de elementos, Catálogo de Protección, Tomo I do PEPCHA).

ACTUACIÓN PARTICULARES

Non existen modificacións neste apartado."

E para que así conste e coa salvedade prevista no artigo 206 do ROF, expido e asino a presente de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde,
En Monforte de Lemos, na data da sinatura dixital.

Vº E PCE.
O ALCALDE





DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE
La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E7000BDB3700B0X4A5U3N8M4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 05/07/2023 GLORIA MARIA PRADA RODRIGUEZ-P.D Decreto de 21.06.2023- A 1ª Tenente de Alcalde - 05/07/2023 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 05/07/2023 17:24:50

DOCUMENTO: 20230777015
Fecha: 05/07/2023
Hora: 17:24

